

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 27 DE XUÑO DE 2018

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II.

Escusan a súa asistencia a profesora Laffon Lage e o profesor Colominas Ezponda.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa do falecemento do profesor José Luís Meilán Gil, reitor da UDC durante 13 anos, de que a UDC decretou loito oficial e pide 1 minuto de silencio en homenaxe ao finado. A seguir informou que a capela ardente instalarase no Paraninfo.

Indicou tamén que a partir do próximo Consello de Goberno, as sesións serán gravadas, unha vez estea operativo o sistema.

A seguir dou conta da presentación oficial (o día 26 de xuño) do Campus de Sustentabilidade da UDC, área de especialización de diferentes centros do Campus da Coruña.

A seguir, dá a palabra aos demais membros do Consello de Dirección:

O **vice-reitor de política científica**, investigación e transferencia, informou dos asuntos seguintes:

- Declaración do comité de ética sobre a pseudociencia. O pasado 7 de Xuño o Comité de ética da investigación e a docencia da UDC, presentou unha declaración sobre a Pseudociencia, que se expón para información deste consello de goberno, esta declaración estará a dispor na web habilidade deste Comité que a seguir se reproduce integralmente:

“DECLARACIÓN SOBRE A PSEUDOCIENCIA
I

O Comité de ética da investigación e a docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC) é un órgano universitario colexiado, interdisciplinario, independente e de carácter consultivo que ten como finalidade avaliar e garantir a corrección dos aspectos éticos da investigación e a docencia e promover a integridade científica e académica na Universidade da Coruña (UDC).

A Universidade da Coruña ten como función o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==		



No exercicio desta función, a Universidade da Coruña defenderá a autonomía e a liberdade de cátedra e promoverá a calidade na realización das súas actividades.

A liberdade de cátedra, a liberdade de investigación, a liberdade de expresión e a ausencia de censura previa son garantías do labor investigador, docente e divulgador na Universidade da Coruña.

II

A pseudociencia implica a transmisión ou difusión de coñecementos que se presentan como científicos sen estar baseados en argumentos, criterios ou métodos propios das ciencias.

A pseudociencia é eticamente incorrecta porque lesiona dous valores básicos da procura do coñecemento: a verdade e a confianza.

A pseudociencia dana a integridade científica e académica porque incumpre dúas esixencias da investigación e a docencia responsábeis: o rigor e a honradez.

III

Polas razóns expostas, o Comité de ética da investigación e a docencia da UDC rexeita a pseudociencia e conclúe que a Universidade da Coruña debe garantir a integridade científica e académica en todas as actividades que fagan uso do seu nome, a súa imaxe ou as súas instalacións”.

- Parabéns: Dende esta vicerreitoría queremos trasladar os parabéns os investigadores e profesores da UDC, Carlos Vázquez Cendón pola consecución dunha prestixiosa axuda do programa H2020 de doutoramento industrial europeo. Supón unha inversión de 1.5 MM€, dos que ½ millón de euros corresponderán a UDC, para financiar proxectos de doutorado industrial sobre matemática financeira no que colaboran entidades como Abanca e Banco de Santander, onde os estudantes poderán facer as prácticas. E tamén universidades como a Delf e outras entidades de crédito de Holanda.

- Parabéns: tamén para os profesores/investigadores Patricia Faraldo Cabana e José Ángel Brandariz García pola recente concesión dunha das prestixiosas axudas europeas do Global Fellowship, dentro das Accións Marie-Curie. Así como para a estudante seleccionada Ana Ballesteros.

- Convocatoria de Infraestructuras. Na recente solicitude de infraestructuras financiadas con fondos FEDER polo MINECO, a UDC solicitou un montante total de de 8,4 millóns de euros para atender as peticións que chegaron dende os grupos de de investigación a traves dos centros de investigación e dos servizo de apoio da investigación (SAI).

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 14:15:36
Observacións		Páxina	2/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==		



Toma a seguir a palabra a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**:

- Os días 7 e 8 de maio a comisión de avaliación externa do programa EURACE visitou a Escola de Camiños, para avaliar os graos en Enxeñaría de Obras Públicas, e en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.

- O programa universitario para persoas maiores de 50 anos da UDC celebra este curso 15 anos de Internacionalización, Mobilidade e Innovación. Por este motivo, entre o 7 e o 11 de maio celebrouse un International Meeting con máis de 90 participantes de Gante (Bélgica), Scandiano (Italia), e das cidades de Almansa e de Valencia, e o VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores, con 150 alumnos/as, docentes e directivos dos programas para maiores das tres universidades públicas galegas.

- O pasado 24 de maio tivo lugar a presentación oficial do máster en Ciberseguridade (interuniversitario UDC-Uvigo) na Escola de Enxeñaría de Comunicacións da Universidade de Vigo.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes temas:

- 07/06/2018. Informouse favorablemente ao reitor a renovación da licenza sen retribucións durante o curso académico 2018/19 de dona María Antonia Señarís Rodríguez. Esta solicitude conta co informe favorable polo Departamento de Química. Autorízase conforme ao artigo 86.4 dos Estatutos da UDC.

- 14/06/2018. Autorizouse a prórroga da suspensión de contrato da profesora contratada doutora dona María Obdulia Luis Gamallo, ata o 31/08/2020. Con esta prórroga a profesora levará 5 anos en suspensión de contrato. Tomouse a decisión de non ampliar esta suspensión ao motivarse por motivos persoais da interesada, polo que ao finalizar esta suspensión deberá reincorporarse ao seu posto de traballo ou optar por outras formulas recollidas no Estatuto dos Traballadores, como pode ser a excedencia voluntaria. Esta solicitude conta co informe favorable do Departamento de Letras, no que aproba a decisión de limitar a suspensión no tempo.

- 15/06/2018. A ANECA-CNEAI ven de comunicar o resultado da avaliación dos méritos de investigación correspondente á convocatoria do ano 2017. Avaliáanse favorablemente un total de 68 tramos correspondentes a 65 profesores e profesoras dos corpos docentes universitarios (a ANECA non informa á universidade sobre os tramos avaliados desfavorablemente). No que corresponde ao profesorado avaliado por convenio, foron avaliados favorablemente 41 tramos de investigación correspondentes a 38 profesoras e profesores, en canto as avaliación negativas suman un total de 10 tramos de

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTQO==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	3/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTQO==		



investigación correspondente a 9 profesores/as. Nestes días serán remitidas as resolucións de concesión ao profesorado avaliado por convenio (para o profesorado funcionario corresponde a resolución á ANECA), a súa inclusión en nómina non foi posible realizala no mes de xuño polo que se incorporará na nómina do mes de xullo.

- 22/06/2018. COAP autorizou unha venia docente na EU de Enfermería para impartir a materia 661G01009 Nutrición a don Francisco Pita Gutiérrez-22/06/2018. COAP acordou que se recoñecese a xestión de posta en marcha de novos graos nos Campus de Especialización ao coordinadores do mesmos cunha redución semellante á de secretario/a de departamento.

Renovouse para este curso académico a dedución adicional de 60 horas ás UMIs da UDC

A **vicereitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou tamén dos asuntos seguintes:

- Leu parte da carta enviada polo presidente da CIUG, Luis María Hervella: "Vista a problemática xerada pola interpretación relativa á aplicación da exención de ter que realizar as probas de Aviación de Bacharelato para o Acceso á Universidade polo alumnado ao que facía referencia a Disposición Transitoria Única da Orde ECD/1942/2016, de 22 de decembro; e longo da reunión mantida o día 5 de xuño do presente ano entre representantes da Secretaría Xeral de Universidades, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e os delegados na CIUG das tres universidades do SUG, na que se acordou que a nota de acceso á Universidade conseguida no curso 2016-2017 polo alumnado ao que facía referencia a Disposición Transitoria Única da Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro será válida para acceder aos estudos universitarios oficiais de Grao ofertados polas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia no curso 2018-2019". Polo tanto, queda vixente o "Acordo das Universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de Grao do Sistema Universitario de Galicia (curso 2018-2019)" no Consello de Goberno do 3 de Abril de 2018 derogando o aprobado no derradeiro Consello de Goberno.

- Informou da publicación da listaxe provisoria de bolsas propias de colaboración nos departamentos, tamén da publicación da listaxe provisoria de bolsas propias de colaboración de formación nos órganos da UDC. Publicación da resolución das axudas de dificultades económicas. Tamén informo de dunha nova convocatoria de axudas para realizar xornadas divulgativas e conferencias.

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	4/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==		



- Na área de cultura realizouse o I Encontro/Residencia de creadores emerxentes. Dirixido por Fernando Agrasar tivo lugar no Pazo de Mariñán do 20 ao 22 de xuño. Actividade dentro do convenio das tres universidades galegas, os dos conservatorios superior de música de Galicia e a RAG de Belas Artes. Queremos agradecer á Deputación da Coruña a cesión do Pazo de Mariñán

- Cabe destacar a recepción das pistas de Atletismo de Elviña. A Universidade da Coruña acometeu a renovación das pistas, por primeira vez desde a súa construción no ano 1999, co financiamento do Concello da Coruña e da Deputación da Coruña, que aportaron 300.000 euros e 200.000 euros, respectivamente. As obras consistiron na renovación total das pistas de forma que se renovou todo o necesario para todas as disciplinas de atletismo, así como se mellorou a accesibilidade e interiores do complexo deportivo do campus. As pistas contan coa preceptiva homologación da Real Federación Española de Atletismo.

- Na reunión da CRUE da sectorial de estudantes do 1 de xuño se informou do seguintes puntos:

Con respecto á admisión para estranxeiros, pedíuselle ao ministerio unha lei que unificase. Pero o ministerio emitiu un informe que avala o uso dos criterios de admisión que determine a universidade, desde unha proba á nota de bacharelato. Hai que recordar que a UNED é unha ferramenta que se pode seguir utilizando. Hai diverxencias entre universidades. Pídeselle ao ministerio unha normativa que legalice a admisión de estranxeiros.

A CRUE falou co grupo Podemos que presentou a proposición de lei con respecto a prácticas externas universitarias. A grupo aceptou moitas das propostas da CRUE, como a non eliminación das prácticas extracurriculares. Non hai acordo na remuneración de prácticas curriculares, xa que o grupo Podemos propón que todas as prácticas teñen que ser remuneradas.

Esta pendente unha orde ministerial que estaba a piques de publicarse antes do cambio de goberno, de que se mantivese o 5% de cupo para discapacidade para a segunda oportunidade de admisión á universidade. Punto importante para o sistema universitario galego, xa que a Valedora insistiu moito neste punto, e ás tres universidades teñen un compromiso neste sentido.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** dou conta de:

-Entre o 28 de maio e o 1 de xuño esta vice-reitoría participou na feira de Universidades NAFSA xunto con outras 30 universidades do Estado Español en Filadelfia.

- Publicáronse as Convocatorias de Bolsas para Mellorar as Competencias Lingüísticas do Estudantado e do PDI da Universidade da Coruña. Son 140

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	5/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==		



bolsas en cada modalidade para a asistencia e o aproveitamento de cursos no Centro de Linguas, de cursos de inglés no caso do PDI e de cursos de inglés, alemán, francés, italiano ou portugués no caso do estudiantado. A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación subvencionará o 100% do importe dos prezos de matrícula.

- Co obxectivo de asegurar a calidade da docencia en inglés da nosa universidade e de facilitar a acreditación do nivel lingüístico do profesorado da UDC, convocouse, a través do CUFIE un novo curso EMI (English as a Medium of Instruction), así como unha proba de nivel lingüístico ó próximo 6 de xullo.

-Becas de mobilidade do Banco de Santander. O día 20 de xuño publicouse a resolución da concesión das devanditas becas que financian estadias de alumnos e investigadores da udc en países de Iberoamérica.

- Resolveuse por parte do Servicio Español de Internacionalización da Educación (SEPIE) o proxecto K103 (mobilidade de estudiantado, profesorado e PAS). Mantense á financiación para estudos e prácticas como na última convocatoria por un total de 919.100 € (500 mobilidades para estudos e 42 para prácticas). En canto á financiación para mobilidade de PDI e PAS, esta incrementase con respecto á anterior convocatoria en máis dun 20%, ata os 31.000 €.

- Na área de Cooperación a OCV organizou, con motivo da celebración o pasado 21 de maio do Día Mundial da Diversidade Cultural, un recital de poesía do escritor César Brandon para o estudiantado e resto da comunidade universitaria.

- Entre as actividades enmarcadas dentro da convocatoria 2018 de Educación ao Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social, o 30 de maio, na praza da antiga fábrica de tabacos da Coruña, tivo lugar a exposición sobre o Refuxio en Situación de Emerxencias no que o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación da UDC denunciou a situación das persoas desprazadas.

- Entre os días 14 e 16 de Xuño a OCV colaborou coa iniciativa ACAMPA coa organización dunha actividade sobre a pegada ecolóxica e outra sobre os refuxiados medioambientais.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade**, pola súa parte, informou das Imputacións e validacións de expedientes de gasto deste mes de xuño:

Imputacións:

- Informe V-013-18 por un importe de 261.647,74€;

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	6/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==		



Total imputado: 261.647,74€

Validacións:

- Informe C-006-18 e C-007-18 con data de 15 de xuño de 2018 e importe de 671.561,92€

Total validado: 671.561,92€

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, dou conta dos asuntos que a seguir se indican:

- Como clausura das actividades de este curso da Cátedra UDC-Navantia tivo lugar o día 8 de xuño una Xornada sobre Enerxía Eólica Mariña na que participaron expertos en Cambio Climático e representantes das principais empresas do sector enerxético.

- A Escola Politécnica Superior e a Escola Universitaria Politécnica en colaboración co Campus Industrial organizaron o mércores 20 de xuño, unha xornada de portas abertas destinada a estudantes de bacharelato, orientadores e familias, coa finalidade de presentar de maneira directa as titulacións que se imparten neses centros, onde puideron visitar as instalacións docentes e de investigación.

- O día 28 de xuño terá lugar a última conferencia a do ciclo da Cátedra Jorge Juan. Estará impartida polo catedrático da Universidade de Santiago Xoan Carmona Badía que falará do Patrimonio Industrial en Galicia.

O xerente informou sobre a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da UDC para o ano 2018: coa finalidade de cumprir o establecido nos artigos 12 e 35 da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (DOG núm. 245, 28-12-2017), e despois da correspondente negociación coa representación do persoal, en concreto cunha última reunión o 12 de xuño pasado, enviouse por oficio con rexistro de saída do 13-06-2018 a solicitude de autorización á Consellería de Facenda da Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2018.

Nesa solicitude figura a proposta desta universidade para aprobar unha oferta que permitiría convocar un total de 47 prazas polo sistema de promoción interna (13 prazas do subgrupo A1 e 34 do subgrupo A2) e un total de 11 prazas polo sistema de acceso libre (1 da Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña-subgrupo A2, 6 da Escala administrativa-subgrupo C1 e 4 da Escala técnica de servizos-subgrupo C2).

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións			Páxina	7/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==			



En canto se reciba a autorización da Consellería de Facenda, presentarase neste Consello de goberno para, se é o caso, a súa aprobación e posterior publicación.

O **xerente** informou sobre a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da UDC para o ano 2018: coa finalidade de cumprir o establecido nos artigos 12 e 35 da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (DOG núm. 245, 28-12-2017), e despois da correspondente negociación coa representación do persoal, en concreto cunha última reunión o 12 de xuño pasado, enviouse por oficio con rexistro de saída do 13-06-2018 a solicitude de autorización á Consellería de Facenda da Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2018.

Nesa solicitude figura a proposta desta universidade para aprobar unha oferta que permitiría convocar un total de 47 prazas polo sistema de promoción interna (13 prazas do subgrupo A1 e 34 do subgrupo A2) e un total de 11 prazas polo sistema de acceso libre (1 da Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña-subgrupo A2, 6 da Escala administrativa-subgrupo C1 e 4 da Escala técnica de servizos-subgrupo C2).

En canto se reciba a autorización da Consellería de Facenda, presentarase neste Consello de goberno para, se é o caso, a súa aprobación e posterior publicación.

2. Aprobación da acta da sesión anterior

Logo da intervención do **secretario xeral**, a **profesora Fernanda Miguélez** pregunta por que se afirma na acta que a acta anterior foi aprobada sen votos en contra se ela formulara un voto particular. O **secretario xeral** explica que ela ausentárase no momento da votación. A **profesora Miguélez** sinala que sería máis adecuado pór “por asentimento” no canto de “sen votos en contra”. O **secretario xeral** asinte e di que se realizará ese cambio na acta.

3. Contratos e convenios

O secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no anexo III, que nesta ocasión son 7 convenios marco, 12 convenios específicos e 66 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra, segundo a listaxe que figura como **anexo III**.

4. Proposta de acordo de aceptación de doazón da biblioteca de Louis Israel Rocah á biblioteca da ETS de Arquitectura

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	8/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==		



Logo de intervir o **secretario xeral**, lembrando o procedemento para a aceptación de doazóns por parte da UDC, toma a palabra o profesor **Fernando Agrasar** para explicar que Israel Rocah foi profesor da Universidade de Chicago, discípulo de Mies Van der Rohe. A coincidencia fixo que a viúva de Rocha comunicase a Zaida García, que está a facer unha tese sobre Mies Van der Rohe, a súa vontade de doar á UDC a súa biblioteca, que completaría con fondos das décadas dos 40 e 50 de século pasado a biblioteca da ETSAC, que xa é a segunda máis completa do Estado español. Agradeceu a xenerosidade da familia Rocah e informou que o único custo será o que supoña o transporte marítimo desde Chicago até a A Coruña. Agradeceu tamén a Zaida García o seu traballo de supervisión do transporte.

O **reitor** intervéñen para agradecer a Zaida García e á ETSAC as xestións realizadas para agrandar o patrimonio da Universidade.

A proposta é aprobada por unanimidade, conforme coa documentación adxunta que figura como **anexo IV**.

5. Proposta de acordo de aceptación de doazón dunha impresora Ricoh á Universidade da Coruña (Aula Net da Fac. de Cc. da Saúde)

Presentada a proposta polo **reitor**, a proposta é aprobada por unanimidade, conforme coa documentación adxunta que figura como **anexo V**.

6. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía

Presentada a proposta, que figura como **anexo VI**, polo secretario xeral, foi aprobada por unanimidade.

7. Proposta de aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Civil

Presentada a proposta polo **secretario xeral**, foi aprobada por unanimidade, segundo figura no **anexo VII**.

8. Títulos propios de posgrao

Presentada a proposta pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, foi aprobada por unanimidade segundo figuran no **anexo VIII**.

9. Proposta de convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios

Presentada a proposta, que figura como **anexo IX**, polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade.

10. Proposta de convocatoria de prazas de persoal docente contratado

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	9/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQ==		



Presentada a proposta polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, toma a seguir a palabra o profesor **Armando Yáñez** para transmitir a disconformidade da sección departamental da área de organización de empresas coa forma en que se tramitou a solicitude da praza, que non reflicte o perfil docente adecuado (que sería organización industrial e procesos cuantitativos). Solicita que se tomen en consideración estas preferencias.

O **vice-reitor de profesorado** explica que o departamento solicitou que a praza saia para docencia en seis materias, mais que a prioridade era atender a docencia no novo grao en moda e, como mérito particular, a capacidade de docencia en inglés. Tamén solicitaba o departamento que non se adscribise á Facultade de Humanidades, mais ten que ser así por que a convocatoria obedece á implantación dun novo título nese centro.

O **reitor** acrecenta que no POD que remitiu o departamento viña sen cubrir a docencia en moda, e que por iso houbo que convocar esta praza.

A proposta foi aprobada coa abstención do profesor **Armando Yáñez**, segundo figura no **anexo X**.

11. Proposta de nomeamento e renovación profesores/as honorarios/as

Presentada a proposta polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade, segundo figura no **anexo XI**.

12. Proposta de nomeamento e renovación profesores/as eméritos/as

A proposta foi presentada polo **reitor**, informando da existencia de dúas propostas: a renovación como emérito do profesor Franco Taboada e máis tamén o nomeamento do profesor Armesto Barbeito. Sobre este último explica que se recibiu unha solicitude para o seu nomeamento como honorario. Porén, atendendo á súa vontade de permanecer vinculado á UDC e tamén á súa condición de ex-reitor, con medalla de ouro concedida pola universidade, o reitor propón nomear a Xosé Luís Armesto Barbeito como profesor emérito da UDC.

A proposta que figura como **anexo XII**, foi aprobada por unanimidade.

13. Proposta de autorización de licenzas

Presentada a proposta polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade, conforme a listaxe que figura como **anexo XIII**.

14. Proposta de renovación de comisión de servizos de PDI

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	10/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ=		



Presentada a proposta, que figura como **anexo XIV**, polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada coa abstención de **Nona Inés Vilariño** e o voto en contra de **Fernanda Miguélez** e **Afonso Castro**.

15. Quenda aberta de intervencións

Intervén **Manuela Pinazas** para solicitar que a UDC procure algunha alternativa de aparcamento para o persoal afectado pola reorganización do tráfico da Cidade Vella.

Fernanda Miguélez pregunta que sucede coa representación dos institutos de investigación.

María José Martín solicita que cando se leven ao consello propostas de prazas de contratados vaian acompañadas dos números xustificativos da súa necesidade (o reitor responde que hai que ter en conta que a vía de urxencia responde á necesidade de cubrir a docencia do primeiro cuadrimestre cando o procedemento ordinarío demoraría meses).

Moisés Canle agradece á comisión de ética a declaración sobre pseudociencia e reclama que se lle dea aplicación.

A seguir intervén o **xerente** sobre o aparcamento dicindo que hai un ano, a vice-reitoría de economía e a xerencia comezaron a procurar alternativas, tanto no aparcadoiro no Metrosidero como no de Marina Coruña. Este segundo ofrece dúas posibilidades: vales para cuestións puntuais e condicións especiais para o persoal (33€/mes), similares ás ofrecidas para outros colectivos. Tamén se falou co director de urbanismo do Concello, que informou sobre as condicións da peonalización e confirmou que as cen prazas de detrás do Oceanográfico que se perden compensarase cun número similar que serán creadas na contorna. Pedíuselle tamén que fortalecese as frecuencias do transporte público. Manterase unha nova xuntanza o día 2 de xullo.

O **secretario xeral** informa da próxima convocatoria de eleccións para representantes no Consello de Goberno dos representantes dos Institutos Universitarios. O **reitor** esclarece que o Instituto Xeolóxico de Laxe non se rexe pola normativa propia da UDC, debido ao seu carácter mixto.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** sinala que os motivos e os números xustificativos das convocatorias de prazas xa se ofrecen na COAP e na Xunta de Persoal. A este respecto, **María José Martín** di que non se trata de desconfianza, só de que se faga un exercicio de transparencia. **María Xesús Lorenzo Modia** di que, polo que atinxe á praza de Filoloxía, co POD aberto pode comprobarse perfectamente a necesidade de docencia, xa que na área de Lingua española houbo unha xubilación, un falecemento e unha ausencia longa e só se pide unha praza. O **reitor** di que non se dubida da

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	11/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTTQQ==		



xustificación. O que se pide é unha explicación previa. A profesora **Lorenzo Modia** responde que esta xa se dá a través do POD aberto.

Anxo Calvo intervén para se referir ao problema que supón que as notas subidas á secretaría virtual do profesorado podan ser inmediatamente consultadas polo alumnado antes de estaren pechadas as actas. O **reitor** indica que iso é consecuencia dunha decisión que se tomou para que os alumnos puidesen ter unha referencia oficial das cualificacións. É un problema que xa está detectado e que hai que corrixir. **Anxo Calvo** di que as cualificacións non se deberían facer pública até o peche das actas. O **reitor** reconece que iso pode cambiarse, mais de se facer, o profesorado tería que ser consciente de que as cualificacións teñen que se comunicar ao alumnado. **Susana Ladra** sómase ao pedimento de Anxo Calvo. O **reitor** indica que hai peticións e intereses contraditorios, e que haberá que buscar un equilibrio xusto.

Sonia Souto pide que se acelere o proceso de cambio do nome do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas. O **reitor** lembra que cando se adoptou a decisión xa se advertira que o proceso sería progresivo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 11:05

4.

Código Seguro De Verificación	aiPwidXsXzIMscdFFGTQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/09/2018 14:15:36
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	21/09/2018 09:09:54
Observacións		Páxina	12/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aiPwidXsXzIMscdFFGTQQ=		

